

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.<sup>a</sup>,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 23.02.2018

Hora: 10:30

A Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 23 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1.   Proposicións non de lei**

- 1.1           8638 (10/PNC-000910)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no referido á prohibición das plantacións silvícolas en terreo agrícola  
*Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017*
- 1.2           20499 (10/PNC-001668)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio  
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acceso dos gandeiros afectados polos incendios forestais ás axudas da política agrícola común  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017*
- 1.3           21007 (10/PNC-001718)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avespa velutina, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017*
- 1.4           22755 (10/PNC-001825)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o acceso das organizacións profesionais agrarias ás subvencións convocadas na Orde do 29 de novembro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para actividades de interese agrario  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018*

- 1.5            23394 (10/PNC-001863)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación  
coa situación en que se atopan o sector lácteo de Galicia, a forestación e o  
abandono de terras agrarias, así como as funcións e oportunidades que  
ofrece o Bantegal  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*
- 1.6            25357 (10/PNC-001965)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David  
Sobre o adiamento polo Goberno galego do pagamento das axudas da PAC e o  
seu libramento na primeira data posible  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Moisés Blanco Paradelo  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.<sup>a</sup>, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 23.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 23.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 8638(10/PNC-000910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no referido á prohibición das plantacións silvícolas en terreo agrícola

*Publicación do acordo, 112, 10.05.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

De todos é coñecida a proliferación de árbores do xénero *eucaliptus* que desde mediados do século XX comezaron a estenderse fundamentalmente pola Galicia costeira de mans da especie do *Globulus*, que pouco a pouco foille ganando terreo a outros xéneros e especies arbóreas autóctonas ata chegar a constituír un auténtico monocultivo forestal que ocupa aprox. 290.000 ha de manchas puras deste xénero, que sumadas ás aprox. 150.000 ha de eucalipto mesturado con caducifolias e piñeiros chega ata ás aprox. 450.000 ha que ocupa en Galicia, case o dobre do previsto para un horizonte temporal do ano 2032.

As razóns desta eclosión forestal hai que buscalas en varias causas que van desde a gran adaptación dalgunha especie ao clima galego de influencia marítima e a máis recente doutras especies do xénero a climas máis extremos e de altitude. Ademais, o rápido crecemento das distintas especies é un elemento que xoga a favor do eucalipto nunha sociedade que tende a buscar rendementos de xeito inmediato e non é quen de ver máis alá dunha década; e xunto a esta característica está a demanda da industria pasteira e máis recentemente tamén a dos tableiros.

O desbordamento superficial das previsións sobre as árbores deste xénero tamén é froito da falta e/ou insuficiencia no control e na planificación da política forestal galega do ano 1992. Esa política forestal non soubo prever o impacto de moitas variables que levaron á situación actual que ameaza con descontrolar a planificación forestal, e mesmo dar ao traste coa viabilidade e multifuncionalidade tanto da superficie forestal como do monte e das plantacións dos produtores que aspiran a ter nelas unha fonte de ingresos.

Non é suficiente deixar fóra das especies subvencionables ao eucalipto xa que a rapidez no crecemento e o rendimento económico son motores que expanden o cultivo sen aparente contención.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A pesar de que na Lei de 2012 se prohibe plantar eucaliptos en terreo agrícola, nas proximidades das casas, nas marxes dos ríos, en zonas de protección, en manchas forestais de caducifolias, e ter que pedir permiso especial para plantacións de máis de 5 ha., a evidencia da comprobación sobre o espazo xeográfico galego fálanos doutra realidade ben distinta.

En distintos medios relacionados co mundo rural, fábase dunha superficie aproximada de 30.000 ha. de terras agrícolas plantadas principalmente con eucaliptos, vulnerando de plano a Lei de 2012.

Na actualidade os medios tecnolóxicos dos que dispón a Consellería e os distintos organismos e entidades dependentes da Xunta son máis que suficientes para detectar a localización e a superficie que ocupan as masas forestais en terra agrícola e, nomeadamente, as ocupadas polas distintas especies do xénero eucalipto e piñeiro.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a

Realizar un informe que avalíe o grado de cumprimento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia De detectarse a existencia de plantacións silvícolas en terras agrícolas tomar as medidas oportunas co fin de reintegrar esa superficie para os usos agrogandeiros.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 16:36**  
**Nº Rexistro: 8638**  
Data envío: 04/05/2017 16:36:47.553



---

**Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 04/05/2017 16:35:12**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 16:35:24**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/05/2017 16:35:35**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 23.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 20499(10/PNC-001668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acceso dos gandeiros afectados polos incendios forestais ás axudas da política agrícola común

*Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputado, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Os lumes que asolaron Galicia durante o mes de outubro tiveron consecuencias moi significativas en todos os aspectos. Por iso, hoxe todos somos máis conscientes de que a loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país.

Ademais da desgraza da perda de vidas humanas e da traxedia medioambiental, está a traxedia en termos materiais e socioeconómicos. Esta vertente das zonas queimadas apunta a que a súa recuperación vai ser moi dilatada no tempo, moi custosa e ademais, en moitos casos, irreparable, xa que os danos que lle orixinaron aos animais, tanto silvestres como de granxa e domésticos, á maquinaria agrícola (como tractores), explotacións e naves industriais van ser moi difíciles de recuperar.

Polo tanto, as zonas afectadas polos lumes, na maioría dos casos pertencen a sectores económicos dependentes do sector primario, van ter un triplo impacto.

O primeiro vector do triplo impacto é o da perda dos animais (tanto por mortos, feridos ou fuxidos) e os pastos que lles dan de comer, sen os que as explotacións gandeiras o teñen moi difícil para sobrevivir.

O segundo vector é a aplicación da lexislación establecida en canto á prohibición de utilizar as zonas de pastoreo queimado como mínimo durante os dous anos seguintes, pese a que normalmente se tarda en “recuperar” esas zonas uns 6 meses aproximadamente. Ese artigo da Lei 3/2007, do 28 de xuño, de montes de Galicia, estaba pensado en termos disuasorios, baixo a hipótese de que podían ser os propios gandeiros os que queimaran o monte. Pero neste caso, está claro que iso non é así, e agora supón un dobre castigo para os gandeiros.



#### Grupo Parlamentario

O terceiro é último vector ao que nos referimos é a posibilidade de que os afectados polos devastadores incendios se poidan quedar sen cobrar unha parte das axudas europeas da Política Agraria Común (PAC) en 2018 e 2019, xa que debido á citada Lei 3/2007 “prohíbese o pastoreo en todos os terreos forestais que resulten afectados por incendios forestais nun prazo mínimo contado desde a data na que se produza o incendio ata o 31 de decembro posterior á data na que se cumpran dous anos deste e ata que as adecuadas condicións de restauración da masa arborada, se é o caso, o permitan”.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A non posibilidade de acceder ás axudas da PAC por parte dos gandeiros con terreos de pastoreo queimados complicaría unha situación xa moi difícil de por si e que agravaría máis a situación de asfixia económica que están a sufrir.

Moitos dos gandeiros afectados teñen claro que se non poden mercar forraxe fóra, están abocados, dramaticamente, ao peche das explotacións, xa que non poden alimentar os seus animais.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno do Estado e lle solicite que defenda ante as autoridades da Unión Europea que os gandeiros afectados poidan seguir accedendo ás axudas coa totalidade da superficie, incluída a queimada, para non ter que pechar as súas explotacións debido á inviabilidade económica nun momento e situación excepcional.

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2017

#### Asinado dixitalmente por:

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/11/2017 12:40:24**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 21/11/2017 12:40:33**

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2017 12:50**  
**Nº Rexistro: 20499**

Data envío: 21/11/2017 12:50:15.802



---

**Grupo Parlamentario**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/11/2017 12:40:46**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes**

**Día: 23.02.2018                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3      21007(10/PNC-001718)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avéspera velutina, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores

*Publicación da iniciativa, 222, 04.12.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.<sup>a</sup>**, sobre a vespa velutina.

### **Exposición de Motivos.**

Como xa trasladamos noutras iniciativas presentadas, a vespa velutina *nigrithorax*, coñecida tamén como “tartago asiático” é unha especie invasora que leva instalada en Galicia dende o ano 2012 e que está a provocar numerosos efectos perxudiciais.

Representa unha clara ameaza cara a biodiversidade xa que despraza as especies autóctonas e provoca grandes danos. A situación vai empeorando a medida que pasa o tempo e temos que buscar medidas con carácter urxente, xa que, a situación actual non admite maior demora. Precisamos de todos os medios e recursos para frear o avance da vespa asiática.

A prevención debe ser unha das prioridades nesta loita e ademais é fundamental que todos os organismos estean coordinados e teñan un único espazo para pór en marcha as medidas precisas.

Enmarcada no ámbito da prevención, debemos impulsar máis decididamente a investigación. Temos que coñecer mellor a especie, o seu ciclo biolóxico, alimentación, comportamento e expansión para ter ferramentas máis útiles para



crear mecanismos de control, especialmente de loita biolóxica. É preciso ademais desenvolver estudos sobre o seu impacto nas colonias de abellas e no sector apícola, sobre novos métodos de contención e realizar unha avaliación da incidencia real da velutina nos sectores agrícolas e forestais.

En todas as épocas do ano debemos prestar especial atención a divulgación social e a formación de todas as persoas que participan no proceso de control da vespa, para o que resulta fundamental contar co conxunto da sociedade, posto que todavía existe moita desinformación, por exemplo, na distinción da especie vespa velutina doutro tipo de véspidos ibéricos, autóctonos.

Resulta imprescindible polo tanto incrementar a formación do persoal das asociacións de apicultores, das persoas das administracións competentes na xestión da problemática, dos axentes de medio rural, axentes forestais e de medio ambiente. Pensamos que é fundamental a coordinación entre os distintos actores implicados na loita contra esta especie e a procura de financiamento público para desenvolver novos estudos e investigacións sobre a vespa velutina e o seu impacto.

Asímesmo, ten que potenciarse o emprego e a extensión de trampas, que teñen demostrado a súa eficacia, polo que é necesario por en marcha un plan de trampeo primaveral masivo para a captura de rañas fundadoras evitando así con cada captura a aparición dun niño secundario no verán, que pode conter entre 15.000 e 18.000 insectos de vespa velutina.

O trampeo ha de ser masivo para ser eficaz. Por isto hai que estendelo a zonas periurbanas e núcleos de poboación. E unha ferramenta preventiva que conta co respaldo de investigadores/as españoles e europeos como medida de control de poboacional, para reducir nun curto prazo o número de vespa velutina. As administracións públicas, tanto a Xunta coma os concellos deben implicarse





decididamente nestas tarefas de control empregando o seu persoal dispoñible co obxecto de controlar eficazmente esta especie invasora.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1) Por en marcha un plan de choque para o control poboacional da vespa velutina, para o cal, xa no ano 2018, a Xunta de Galicia realizará as seguintes accións:

- a) Efectuar un trampeo masivo e coordinado en primavera, comezando en febreiro e distribuindo alomenos 50.000 trampas por todos os núcleos de poboación do país, tanto áreas periurbanas como aldeas e vilas, empregando persoal da Xunta como axentes forestais e medioambientais e en coordinación cos concellos.
- b) Efectuar un rexistro da colocación das trampas para telas identificadas e facer sondaxes e valoracións posteriores sobre a súa colocación.
- c) Facer unha campaña dirixida ao conxunto da sociedade acerca do trampeo, prestando especial atención aos centros educativos, que poden colaborar na labor de prevención.
- d) Aprobar unha partida orzamentaria específica para poder financiar esta campaña.

2) Por en marcha de maneira efectiva a comisión de seguimento e incorporar a esta a representantes do tecido asociativo apícola.



- 3) Abrir e potenciar liñas de investigación sobre o control da vespa velutina, atendendo a non duplicar as xa abertas por outras administracións.
- 4) Por en marcha un programa de formación específico para o persoal implicado no control e na erradicación da praga.
- 5) Mellorar a coordinación de todos os axentes implicados na loita contra a vespa velutina tanto en Galicia, a través da Comisión de Seguimento, como no conxunto do Estado español.
- 6) Abrir unha liña de axudas específica para axudar ós apicultores e ás apicultoras a paliar as perdas sufridas, tanto as derivadas da perda física de animais e colleita correlativa de mel, como os gastos derivados da xestión da praga.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 30/11/2017 17:42:39**

**David Rodríguez Estévez na data 30/11/2017 17:43:05**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/11/2017 17:47**  
**Nº Rexistro: 21007**  
Data envío: 30/11/2017 17:47:45.332

**Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:43:16**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 23.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 22755(10/PNC-001825)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o acceso das organizacións profesionais agrarias ás subvencións convocadas na Orde do 29 de novembro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para actividades de interese agrario

*Publicación da iniciativa, 241, 17.01.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/01/2018 11:52  
Nº Rexistro: 22755  
Data envío: 11/01/2018 11:52:21.166

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Orde do 29 de novembro de 2017 da Consellería de Medio Rural, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, no seu artigo 2 dise o seguinte:

##### Artigo 2. *Beneficiarios*

*Serán beneficiarias as organizacións profesionais agrarias legalmente constituídas en Galicia que concorreron ás eleccións a cámaras agrarias que tiveron lugar o 26 de maio de 2002 segundo o recollido na disposición transitoria única da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego.*

Da lectura deste artigo dedúcese que desde o 2002 ata hoxe nada se moveu no sector agrogandeiro-forestal deste País e os profesionais dese sector que opten por outras organizacións agrarias non teñen dereito a axudas da Consellería e mesmo poden estaren bordeando a ilegalidade.

Isto suscita varias preguntas:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/01/2018 11:52**  
**Nº Rexistro: 22755**  
Data envío: 11/01/2018 11:52:21.166

-Está morto o sector que xa non se celebran eleccións sindicais?

-Cales son os criterios de legalidade para a Consellería considerar legal unha organización de profesionais?

Pero aínda hai máis. Nos requisitos esixidos na documentación a presentar pra solicitar axudas, o artigo 18, apartado 1, letra C reza así:

*c) Certificado emitido por unha organización profesional agraria a nivel estatal, de pertencer e participar activamente en actividades e actuacións da organización (se for o caso).*

É dicir que a Consellería de Medio Rural precisa un aval estatal para que as organizacións agrarias "*de la periferia*" poidan ter recoñecemento legal... Vaites vaites...

Faise pois necesario urxentemente abordar a representatividade real a día de hoxe e para iso é preciso convocar eleccións sindicais xa e legalizar formalmente o que xa o é de facto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Adoptar as medidas necesarias para que se celebren eleccións sindicais no Medio Rural á maior brevidade posible e actualizar así a representatividade nos espazos pertinentes.

-Recoñecer á Federación Rural Galega-FRUGA, a tódolos efectos, como



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/01/2018 11:52  
Nº Rexistro: 22755  
Data envío: 11/01/2018 11:52:21.166

organización agraria representativa, polo que debe ser garantida a súa presenza en tódolos órganos consultivos, de debate, diálogo, participación, axudas e asesoramento.

-Elaborar unha normativa que permita a todas as organizacións agrarias galegas optar a ser beneficiarias ás subvencións ás organizacións profesionais agrarias eliminando toda referencia á necesidade de obter o aval de ningunha organización agraria de carácter estatal.”

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/01/2018 11:47:03**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/01/2018 11:52**  
**Nº Rexistro: 22755**  
Data envío: 11/01/2018 11:52:21.166

**María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2018 11:47:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2018 11:47:12**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2018 11:47:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2018 11:47:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2018 11:47:21**



Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 23.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 23394(10/PNC-001863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan o sector lácteo de Galicia, a forestación e o abandono de terras agrarias, así como as funcións e oportunidades que ofrece o Bantegal

*Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2018 10:57  
Nº Rexistro: 23394  
Data envío: 17/01/2018 10:57:29.103

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

As estatísticas ó respecto deste pasado ano de 2017 dinnos que 424 explotacións lácteas galegas pecharon por inviabilidade. Sen embargo, a Conselleira de Medio Rural lanza ós catro ventos un *todo vai ben e aquí non pasa nada*. É máis dinos que aquí foi onde máis se incrementou o prezo do leite.

E será certo...pero partimos do prezo máis baixo do Estado e nin nos achegamos de lonxe ó prezo medio europeo.

E non é porque o noso leite sexa de máis baixa calidade, non. Está na media do estado, lembremos que nós somos a media desa media.

Porque a nai do año está na diferenza entre custe de produción e prezo de venda, e aí dóenos tremendamente. O noso sector lácteo é dependente dos insumos esóxenos e ten neles a súa maior debilidade sumada á progresiva



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2018 10:57  
Nº Rexistro: 23394

Data envío: 17/01/2018 10:57:29.103

intensificación e a unha política de indefensión do sector por parte do goberno da Xunta.

A media en Galicia estivo en 0,32 €. a do Estado en 0,334 € e a de Europa en 0,375 €. E non vale a escusa das calidades en graxa e proteína pois andamos na media estatal.

Un sector que hipoteca a súa existencia ós caprichos do mercado internacional do millo, solla e semente de algodón principalmente e que non ten marxe suficiente coma para sufrir estes embates, é un sector cheo de feblezas.

Un sector que non incorpora as terras agrarias en abandono á actividade agrogandeira e que non utiliza a estratexia da calidade tendo sobradas condicións, é un sector con futuro incerto.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1.-Tomar as medidas necesarias para:

a) Devolver á actividade agrogandeira as terras agrarias forestadas ilegalmente nos últimos anos.

b) Frear esa forestación que segue a producirse na actualidade.

2.- Dota-lo Bantegal do orzamento e recursos necesarios para:

a) Convertelo nunha verdadeira ferramenta de xestión do uso das terras, para os propietarios que non están en posición de explotación pero das que poidan sacar una rendibilidade fronte ao seu abandono.

b) Incorporar por medio do mesmo as terras agrarias abandonadas á actividade agrogandeira proporcionando base territorial ás explotacións existentes e incentivando novas incorporacións.

Realizar campañas divulgativas e informativas acerca das función do Bantegal e as oportunidades que ofrece para os propietarios de terras agrarias en abandono ou preabandono.

3.-Dotarse de equipos de expertos que en traballo de campo impulsen a continuidade do uso agrogandeiro das terras, mediante figuras como o do arrendamento desas citadas terras ou outras, para que non se perda o seu uso agrario e continúen a seren base de riqueza para o país dos galegos.

4.-Impulsar a implantación do contrato homologado como garantía de equilibrio para os produtores na súa relación coa industria.

5.-Incentivar as iniciativas de elaboración de produtos derivados do leite para xerar valor engadido ao mesmo.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2018 10:57**  
**Nº Rexistro: 23394**  
Data envío: 17/01/2018 10:57:29.103

6.-Realizar campañas de promoción do consumo de produtos lácteos de orixe e elaboración galega.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2018 10:54:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2018 10:54:23**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2018 10:57**  
**Nº Rexistro: 23394**  
Data envío: 17/01/2018 10:57:29.103

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2018 10:54:25**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2018 10:54:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2018 10:54:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2018 10:54:36**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 23.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 25357(10/PNC-001965)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre o adianto polo Goberno galego do pagamento das axudas  
da PAC e o seu libramento na primeira data posible

*Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018*

## A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, e a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira**, o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre o atraso nos pagos das axudas da PAC.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Política Agrícola Común supón unha das claves para a financiación do medio rural galego. Cunha dotación anual de preto de 400 millóns de euros asignados a Galicia, que a Xunta ten a obriga de xestionar se queren que os fondos cheguen ao medio rural galego, estrutúrase a través de dous fondos: Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

En relación co FEAGA, trátase de 170 millóns de euros anuais, financiados ao 100% pola Unión Europea e que contribúen fundamentalmente a paliar a diferenza entre a renda no ámbito urbano e a renda no ámbito rural.

A campaña comeza no mes de febreiro mediante a aprobación da denominada como Orde da PAC. No ano 2017, dende a Consellería de Medio Rural, prometíanse moi felices cos cambios anunciados pola Conselleira, o anunciar que ían incrementarse os fondos e os beneficiarios en máis de 2.000 respecto ao ano anterior.





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 13:35  
Nº Rexistro: 25357  
Data envío: 06/02/2018 13:35:14.515



O calendario de pagos comeza oficialmente o 16 de outubro, co denominado como anticipo da Política Agrícola Común. A posibilidade de anticipar o 70% das axudas da PAC entre o 16 de outubro e o 30 de novembro.

Pois ben, o pasado ano 2017, Galiza foi das últimas en pagar e pagou 20 millóns de euros menos que o ano anterior, é dicir, perdeuse pola xestión da Consellería do Medio Rural en 2017: 20.781.410.85 euros do anticipo da PAC. Isto é, en Galiza pagouse nas últimas dúas semanas posibles, podendo haber pagado desde o 16 de outubro.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>.

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a adiantar os pagos da PAC como fan noutras comunidades autónomas e facelo efectivo na primeira data posible, e non como fixeron no pasado ano 2017.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Luis Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 13:35**  
**Nº Rexistro: 25357**  
Data envío: 06/02/2018 13:35:14.515

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 06/02/2018 13:34:28**

**Paula Quinteiro Araújo na data 06/02/2018 13:34:38**

**Luis Villares Naveira na data 06/02/2018 13:34:44**